



Concello de Castrolverde

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CASTROLVERDE E O CPI DE CASTROLVERDE PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA COA FINALIDADE DA ORGANIZACION DA EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO.

Dunha parte, o Sr. D. Xosé María Arias Fernández, actuando en representación do Concello de Castrolverde (Lugo), en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, en virtude do disposto no artigo 21.1.a) e 21.1.b) da Lei 7/1985. 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 61.1.a) e 61.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xuño, reguladora da Administración Local de Galicia.

E da outra parte Ana María Pérez Veiga con documento nacional de identidade 33303768K, en calidade de Directora do centro educativo "CPI PLURILINGÜE DE CASTROLVERDE".

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Castrolverde considera necesaria, de cara a promover como competencia propia pública recollida no artigo 25.2 n da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares precisos para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial no termo municipal de Castrolverde.

SEGUNDO.- Que ante o recoñecido labor social e educativo do CPI de Castrolverde, o Concello de Castrolverde considera convinte a sinatura dun Convenio de colaboración co citado Colexio baseándose nas seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011

YOSE MARIA ARIAS FERNANDEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 12/05/2026
HASH: cab064e385cfff44ca0214f2e919543ba

Cod. Validación: C2MLH4M577A5AYZJYJYJQ42PFY
Corrección: <https://sedeccastrolverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7





Concello de Castrolverde

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Castrolverde para o financiamento de parte da excursión de fin de curso dos alumnos de cuarto da ESO para o ano 2026, por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

SEGUNDA.- Compromiso das partes

O Concello de Castrolverde comprométese a :

- Achegar a cantidade de **1.500 euros** para o financiamento das actividades obxecto deste convenio.

A titular do CPI de Castrolverde , comprométese a :

- a) Financiar parte da excursión de fin de escolaridade obrigatoria do alumnado do CPI de Castrolverde.

TERCEIRA.- Obrigas

O CPI de Castrolverde financiará coa axuda recibida parte da viaxe de fin de curso dos alumnos de cuarto da ESO no seu viaxe de fin de curso.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula segunda o Concello de Castrolverde achegará do orzamento municipal para o ano 2026 a cantidade de **MIL QUINIENTOS (1.500€)** con cargo a aplicación orzamentaria.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Gastos de desprazamentos e gastos de estancias no destino elixido.

QUINTA.- Prazo de realización

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2026 e terá a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que tiveran sido aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto da subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se





Concello de Castrolverde

desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo elo tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da Lei Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo o beneficiario acadar o financiamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que o beneficiario aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos no artigo 108.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

SÉTIMA.- Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Castrolverde ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Castrolverde a seguinte documentación.

a.- **Memoria explicativa e detallada**, coa expresa mención dos resultados obtidos así como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acreedor, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, fotos, etc... que se editasen ou publicasen co gasto da actividade subvencionada.

No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.

b.- **As facturas** deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación. Presentaranse ademais declaración xurada expresiva





Concello de Castrovverde

de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluídos os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- a) Resgado do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente na que figure o cargo da transferencia realizada selada pola entidade financeira.
- b) Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- c) Excepcionalmente e sempre que sexan importes inferiores a 300 euros e sempre que non se traten de gastos de persoal, recibo onde consten o termo "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os "tickets de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

No caso de pagamento de facturas de máis de 1.000 euros unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no apartado a) anterior.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica de retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesiedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

c.- **Declaración xurada** de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou adopción do comportamento se efectúe nos termos establecidos na memoria presentada.

d.- **Declaración xurada** de que todos os gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.

e.- **Declaración xurada** de que os impostos indirectos (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificadas a parte da base imponible.





Concello de Castroverde

f) **Declaración xurada** das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do **15 de decembro do 2026** e deberá presentar, a documentación anteriormente relacionada. No caso de non presentar a xustificación dentro do prazo incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención. Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90 % do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10 % restante é de obriga asunción pola entidade, e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos como gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

OITAVA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, aos seus efectos económicos retrotraeranse ao 1 de xaneiro de 2026.

NOVENA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMA.-Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.



Concello de Castoerverde

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Castoerverde polo Alcalde- Presidente, que poderá delegar no funcionario que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

UNDÉCIMA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO SEGUNDA.- Control financeiro da subvención

Os beneficiarios deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvención os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio de control financeiro e segundo a planificación acordada pola Intervención Municipal se decida levar a cabo, no eu caso. A tal efecto o beneficiario someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención decida realizar.

DÉCIMO TERCEIRA .- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Castoerverde, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula décima; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativo.

En proba de conformidade os comparecentes asinan este documento por duplicado, no lugar e data indicados.





Concello de Castoerverde

Este convenio de colaboración entre o Concello de Castoerverde e o CPI Plurilingüe de Castoerverde, para a concesión de subvención nominativa foi aprobado na Xunta de Goberno Local do 06 de MAIO de 2026.

O ALCALDE-PRESIDENTE

A BENEFICIARIA

(Directora do CPI Plurilingüe de Castoerverde)

XOSE MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ


ANA MARÍA PÉREZ VEIGA

